

PASOS A SEGUIR NA ANÁLISE DA OBRA PARA O AUDIO

Se estamos a falar de narrativa:

1. **Preséntate** (di o nome completo e o teu curso) e cita o título da obra e o autor ou autora da mesma.
2. Fai un **resumo** completo do libro que liches centrándote en todo o que é importante.
3. Comenta a **estrutura externa** da novela: tes que falar do número de páxinas e cantos capítulo e/ou partes ten (no caso de que teña capítulos e/ou se divida en partes).
4. Fala sobre o **narrador** (o que conta os feitos): pode ser INTERNO (participa dos feitos e é un dos personaxes da historia; estaría narrado en 1ª persoa) ou EXTERNO (coñece a historia pero non forma parte dela; narraríase en 3ª persoa). O narrador externo pode ser, á súa vez, OMNISCIENTE (coñece todo sobre os personaxes, incluso o que senten e pensan) ou un OBSERVADOR (narra aquilo que tan só pode ver ou oír).
5. Neste punto toca falar sobre os **personaxes**: poden ser PRINCIPAIS (protagonista e antagonista) e SECUNDARIOS.
6. Logo diso, terías que centrarte no **espazo**: este pode ser REALISTA (existe ou podería existir) ou FICTICIO (lugar que se crea desde imaxinación do autor e, polo tanto, non existe na nosa realidade) e INTERIOR ou EXTERIOR. Se hai moita variedade de espazos debes centrarte naqueles que se repitan ou teñan maior protagonismo.
7. Comenta todo o necesario sobre o **tempo** na obra: tanto o tempo EXTERNO (momento histórico no que sucede a historia. Por exemplo: na Idade Media, na actualidade, nun pasado recente, nun futuro próximo... e mesmo se é no Nadal, nas vacacións de verán, se se descoñece o momento concreto do ano...) como o tempo INTERNO (duración dos acontecementos desde que se inicia ata que remata a acción, xa sexan minutos, horas, días, meses, anos...). Así mesmo, terás que dicir se é lineal (os feitos transcorren nunha orde cronolóxica natural) ou se ten alteracións temporais (como son os *flashback*, que se corresponde cun retroceso temporal breve e unha volta logo ao presente).

8. Finalmente, chega o momento de introducir a túa valoración persoal sobre a obra e realizar unha **despedida** adecuada.

Se estamos a falar de lírica

1. **Preséntate** (di o nome completo e o teu curso) e cita o título da obra e o autor ou autora da mesma.
2. Sinala a que **movemento artístico** pertence o poemario e a súa relevancia dentro de toda a obra do/a autor/a.
3. Cal é a **temática** principal? E a/s **secundaria/s**? Destaca todos os temas do que se fala.
4. Como se **estrutura** a obra? Cantas páxinas ten? Cantos poemas hai? Que tipo de poemas son?
5. Fai unha **análise completa** dun dos poemas que ti elixas. Non pode faltar falar da temática, da métrica, da rima, do tipo de estrofa, das figuras literarias...
6. Finalmente, **valora** a obra e despídete.